

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Luis Bouza-Brey, a Lois Tobío Fernández

Colección:

De:

Luis Bouza-Brey;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Calvo Sotelo, 14-1º (de enderezo), Vilagarcía de Arousa (municipal), O Salnés (comarcal)

Destino:

María de Guzmán, 54-4º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita con sinatura autógrafa, con membrete profesional: ABOGADO].

Notas do editor:

A carta non ten data pero ten que ser en maio de 1969, cando os Tobío Soler visitan Vilagarcía e Luis Bouza-Brey se encarga de buscarlles hotel (sabémolo por outras cartas).



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Luis Bouza-Brey, a Lois Tobío Fernández

Luis Bouza-Brey Trillo
ABOGADO
Villagarcía de Arosa

Calvo Sotelo, 14-1º
Teléfono: 139

Sr. D. Luís Tobío Fdez
Madrid.

Meu querido Luis: Aínda estou a voltas co Hotel, pois de unha banda, aínda non recibiron de Turismo a clasificación, e doutra, témenlle ao traballo de arranxar as habitacións de outro xeito do que as teñen; pero considero que vou vencendo as dificultades. Indícame a que leva todo o peso da administración —que é a filla do dono— que e conveniente lle escribas unha carta, decíndolles que me encargaras de buscar as habitacións —tal como eu dixen a eles— e a pensión completa, e que estás conforme con esas dúas habitacións, 17 é 18 do 2º piso, con dúas camas sinxelas no cuarto matrimonial e outra no cuarto individual, para os días 3 a 17 de agosto, ambos incrusos.

A dirección é "Hotel Carballín", Av. de José Antonio.- Villagarcía.

E xente que ten as peticións a milleiros.

Por outra parte, dime esa rapaza que tamen ten, nunha dependencia do Hotel, unha habitación exterior, con gabinete, unidos por eso que lle chaman "italiana", con tres camas, aínda que o cuarto de baño é do piso, anque está acarón do cuarto referido e somentes haberá dous hospedes máis, nese tempo.

Ti escríbelles, como digo, nos termos indicados; eu che escribirei de novo dentro de tres ou catro días, pois non deixo de man o choio.

Unha fonda aperta deste vello amigo

Luis Bouza-Brey [sinatura autógrafa]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.